



Dryopteris guanchica (*Dryopteris guanchica*)



NOME COMÚN

Dryopteris guanchica

NOME CIENTÍFICO

Dryopteris guanchica

CLASE

Fentos

FAMILIA

Aspidiaceae

DESCRIPCIÓN

Xeófito. Fieito perenne cuxas frondes teñen unha lonxitude de 60 cm, chegando incluso a superar o metro de lonxitude. Presenta un rizoma erecto ou ascendente e grosso. Ten un pecíolo cuberto de escamas dunha cor castaño-arroibada. A lámina é triangular-lanceolada, pode estar debilmente coriácea, de cor verde escura, brillante, dividida 3 veces (tripinnada). Pinnas dispostas asimetricamente, de forma triangular-lanceolada. Indusio marrón arroibado, plano e glandular, que se desprende na madurez. Esporas espinulosas con cristas ou pregues.

REPRODUCCIÓN

Mediante esporas.

HÁBITAT

Vive en zonas moi húmidas e sombrías de bosques, en rochedos moi húmidos, prebosque e uceiras húmidas.

DISTRIBUCIÓN

Rexión macaronésica e península Ibérica. Noroeste e oeste da península Ibérica (Galicia e Portugal). Presente nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra.

ESTADO DE CONSERVACIÓN

Podería intentarse unha reintrodución, a partir de material ibérico, na súa localidade clásica e en hábitats próximos adecuados ecoloxicamente.

CATEGORÍA DE CONSERVACIÓN

Vulnerábel.